

GAÑADOR na categoría de BACHARELATO-FP

XEROME VENCE NIETO

IES Castro Alobre, Vilagarcía

CELME

«Vén, senta aquí ao meu lado.»

Iso dicía miña nai nas noites frías e estreladas cando estabamos ela e mais eu sós. Aló no monte non che había moito que facer cando escurecía.

«Achégate a min e senta ao meu lado, así quecemos a carón do lume.»

Ao rematar aqueles días curtos sentaba neste mesmo banco de carballo, de fronte á lareira, e os seus ollos brillantes botábanme un meigallo que me facía arrimarme a ela e desfrutar do espectáculo de danza que máis me gustaba, xa sabes do que che falo. Dicíame: «Gústache o lume?»

Dicíalle que si e sorría para min. Neses momentos contábame vellas historias de cando era nena. Saía co seu pai nas noites de verán e sentaban ao pé dun carballo a contar as estrelas e imaxinar.

«E mamá, de que estará feito o lume?»

Esas noites fantasiabamos nós os dous.

Non che había mellor cousa que escoitar a miña nai imaxinar. Sen deixarmos de ollar para a lareira falábame do seu pai, da lúa e mais do seu alumear. Non sabes o que lle gustaba falar da luz a miña nai. Falaba dela e imaxinaba que está feita de pequenos lucecús ou dun lume que non dana ao tocalo. Non che parece curioso?

Pechaba os ollos e co seu sorriso agarimoso dirixíase a min: «Dime ti, de que cres que está feito?»

Ogallá a puideses coñecer, as lembranzas que teño dela son todas ledas!

Aí comezaba eu a imaxinar. Dicía que o lume está feito dos soles que se agochan polas noites; a calor, do amor que eu tiña por miña nai, e as charamuñas, diminutas estrelliñas brillantes, como as desta noite.

Se te arrimas un pouco máis a min podes velas pola fiestra.

Parécenche bonitas?

—E papá, de que están feitas as estrelas?